



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23 DE DECEMBRO DE 2025.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 27.11.2025.....	2
2. ACORDO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME, O CONCELLO DE MIÑO E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.....	4
3. PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....	17
4. ASUNTOS DE URXENCIA.....	18
4.1 PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.....	18
4.2 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).....	22
5. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓN S URXENTES.....	32
6. ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓN S ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	32
7. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	40
REMATE DA SESIÓN.....	41
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	41





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23 DE DECEMBRO DE 2025.

ASISTENTES:

Presidente

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e doce minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 27.11.2025

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Expediente TEdEC: 2025/G006/0000319

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 27.11.2025

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 27.11.2025 (borrador asinado o día 17.12.2025)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE DOCE VOTOS A FAVOR (12)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e concelleira do grupo municipal do BNG (2) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do Sr. Presidente Don Bernardo Fernández Piñeiro por non estar presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

SESIÓN ORDINARIA DE 27.11.2025 (borrador asinado o día 17.12.2025).

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. ACORDO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME, O CONCELLO DE MIÑO E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 18.12.2025, que se transcribe a continuación

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA XOVES 18 DE DECEMBRO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000023

<<2.- ACORDO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME, O CONCELLO DE MIÑO E O CONCELLO DE CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

...//...

A continuación transcribise a proposta enmendada:

"PROPOSTA DE ACORDO

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO , ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

ACORDO PARA A AGRUPACIÓN DO CONCELLO DE PONTEDEUME E O CONCELLO DE MIÑO

(Expte TEdC: 2025/A003/000050)

Vista a memoria xustificativa asinada pola Alcaldía en función de data 14.02.2025 na que se recolle literalmente:

"(...)

Logo de ver a Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Estes obradoiros duais de emprego concíbense como programas experiencias de formación e emprego que, promovidos por concellos ou mancomunidades de concellos, están dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social. Ademais, promoverase a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros, a través de contratos laborais durante un mínimo de 3 meses a xornada completa en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial de Galicia.

O concello de Pontedeume, o concello de Miño e o concello de Cabanas están interesados na participación na dita convocatoria das axudas para o ano 2026, mediante un proxecto para as seguintes especialidades formativas: Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209) e Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309).

Os concellos poderán participar na execución dun programa de políticas activas de emprego propio da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do establecido na Disposición adicional duodécima do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, polo que se regulan os programas comúns de activación para o emprego do Sistema Nacional de Emprego.

Tendo en conta que a LBRL establece como un principio para a relación interadministrativa, para a efectiva coordinación e eficacia administrativa, a coordinación e cooperación das administracións públicas para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

O obxectivo da presente agrupación voluntaria dos 3 concellos é a de mellorar a eficiencia da xestión pública, mediante a cooperación administrativa, nomeando un único representante para o relacionado co procedemento de solicitude, seguimento e xustificación da subvención de que se trate e a coordinación posterior das tres entidades na execución das diferentes actuacións do proxecto de que se trate sobre a totalidade do ámbito.

Queda, desta forma, debidamente acreditada a xustificación de que é máis conveniente/eficiente realizar actuacións no ámbito indicado de forma conxunta entre os 3 municipios.

(...)"

A concreción dos restantes extremos da subvención son competencia da alcaldía, unha vez se acorde a modalidade de agrupación e a formalización do convenio que a regule.

Visto o informe xurídico asinado pola Secretaría accidental o día 12.12.2025.

Tendo en conta o establecido na normativa de aplicación, isto é a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando o establecido no artigo 21, 22.2.b) e 47.2 g) e 47.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e normativa concordante.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía-Presidencia, propón ao Pleno do concello, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o acordo de agrupación do concello de Pontedeume, o concello de Miño e o concello de Cabanas segundo o literal que a continuación se transcribe:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVIEMBRE DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Dunha parte don Manuel Vázquez Faraldo, como alcalde, en nome e representación do Concello de Miño, con CIF P1504900J, e enderezo a efectos de notificacións na rúa da Carreira núm. 38 (15630) de Miño.

Doutra parte don Bernardo Fernández Piñeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Pontedeume, con CIF P1507000F, e enderezo a efectos de notificación na rúa Real núm. 13 (15600) de Pontedeume.

Doutra parte don Fernando Couce Rodríguez, como alcalde, en nome e representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e enderezo a efectos de notificación na rúa do Concello, núm. 22 (15621) de Cabanas.

Don Ignacio Edreira Moreira, como secretario accidental da entidade promotora, ao abeiro do establecido no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. Todos eles en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os arriba reflectidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio para a execución compartida do proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego “ÁrtabroEmprende V”, elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. No mesmo senso maniféstase o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración local de Galicia (LALGA).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Segundo.- Os obradoiros de emprego, segundo define a normativa reguladora das axudas que os convocan, configúranse como “programas mixtos de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo” e, polo tanto, os alumnos e as alumnas recibirán formación profesional para o emprego, que alternarán coa práctica profesional, formación que deberá adecuarse, na medida do posible, aos contidos mínimos establecidos nos reais decretos que regulen os certificados de profesionalidade das correspondentes ocupacións.

Terceiro.- O proxecto de obradoiro de emprego que será a actuación en agrupación denomínase Obradoiro dual de emprego “Ártabro Emprende V”, sendo elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025, e comprende as especialidades formativas seguintes:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, a situación na que nos introduciu o ciclo económico que comezou no dous mil oito, que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, mediante fórmulas de cooperación e colaboración interadministrativa nas actuacións públicas.

No exercicio das súas competencias, a prestación dos diversos servizos públicos ten un elevado custo, tanto no que se refire á súa implementación coma ao seu funcionamento e xestión; esta circunstancia fai recomendable a colaboración entre as distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar á veciñanza os diversos servizos públicos en condicións de igualdade, para así mellorar a súa calidade de vida, persoal e social.

En consonancia con isto, as bases reguladoras das axudas para a implementación de obradoiros de emprego polas entidades promotoras recollen unha maior valoración para os proxectos que se promovan por máis dun concello de forma conxunta.

Quinto.- Tanto a LRBRL (artigo 57) como a LALGA (artigo 198) e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (artigo 47), regulan a posibilidade de colaboración interadministrativa mediante a sinatura dos convenios correspondentes.

Por todo o anterior, dada a mellora na eficiencia e na eficacia acadada, os concellos asinantes acordan xestionar conxuntamente o proxecto de Obradoiro dual de emprego “Ártabro Emprende IV”, conforme ás seguintes





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CLÁUSULAS:

Primeira.- Ámbitos obxectivo e subxectivo do convenio.

O obxecto do presente convenio é constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para a regulación das condicións nas que se executará e financiará entre os concellos de Miño, Pontedeume e Cabanas o proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego "ÁrtabroEmprende V", elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025 coa aprobación mediante as resolucións da Alcaldía dos anteditos concellos, e das que se acompañarán no expediente as correspondentes certificacións de aprobación das mesmas, para o caso de ser concedida á axuda solicitada ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Tal e coma se sinala na parte expositiva do presente convenio, as especialidades formativas que comprende o obradoiro de emprego son as que se nomean deseguido:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

Segunda.- Competencia.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en prol dunha mellor coordinación e eficacia administrativa do exercicio das competencias propias municipais afectadas, en materia de medio ambiente urbano, en particular parques e xardíns, ao abeiro do establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Terceira.- Obrigas das partes.

1) Todas as partes obríganse á realización conxunta do proxecto e á realización das actividades para as cales se conceda a subvención, no seu caso e obríganse a poñer a disposición do proxecto as instalacións onde se desenvolverán e os inmobles sobre os que este se executará e que se definen na documentación técnica que conforma o expediente.

2) Todas as partes aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos e obrigas establecidos na devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 228 do 25.11.2025).

Os concellos comprométese a garantir o financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado, coa achega por parte de cada un deles das cantidades e porcentaxes que, no seu caso, se detallen na solicitude de subvención, en relación co proxecto presentado

Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

investimentos realizados ou bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.

De existiren durante a execución do obradoiro de emprego outros gastos comúns, estes ratearanse entre todos os concellos de maneira proporcional ao alumnado-traballadores que achegue cada un deles ao proxecto formativo.

En todo caso, as entidades membros comprométense a manter un sistema de rexistros contables separados ou códigos contables adecuados para todas as transaccións que correspondan á execución do proxecto de que se trate.

3) O Concello de Miño actuará coma entidade promotora, para os efectos do artigo 3 da orde reguladora da axuda.

O Concello de Miño asume as obrigas formais da xestión do proxecto, entre as que se inclúe a tramitación administrativa que corresponda e a contratación laboral, tanto do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e do alumnado-traballador participante, segundo establece a orde reguladora.

4) O Concello de Miño poderá ditar cantos actos ou resolucións sexan necesarios para dar soporte as actividades propostas polos Concellos de Pontedeume e Cabanas, para o que estes últimos deberán comunicar formalmente todos os actos ditados no ámbito do presente convenio.

5) En todo caso, todas as partes asinantes obríganse a achegar a documentación necesaria para a execución do proxecto, incluídas, no seu caso, as autorizacións sectoriais pertinentes, e a que sexa necesaria para a solicitude, tramitación que corresponda no decurso do procedemento e xustificación da subvención establecida na orde reguladora das axudas.

6) Cada Concello comprométese a poñer a disposición do Concello de Miño un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo para formar parte do grupo de selección do persoal directivo, docente, de apoio e dos alumnos/as.

Cuarta.- Mecanismos de seguimento.

A dirección do obradoiro de emprego, unha vez finalizado este, ou cando así sexa requirida por calquera das partes, e atendendo ao proxecto executado, elaborará un informe clasificando os gastos como comúns ou non comúns. Ao informe xuntarase unha relación certificada e copia autenticada das facturas correspondentes presentadas no concello que teña a consideración de beneficiario da subvención.

Quinta.- Réxime de modificación.

As modificacións do proxecto de obradoiro e, en consecuencia, do presente convenio, requirirán da previa aprobación ou conformidade dos concellos que interveñen, por medio da sinatura da correspondente addenda, seguindo os mesmos trámites e requisitos que os iniciais e xa observados na formalización do convenio.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sexta.- *Ámbito territorial de aplicación.*

O ámbito territorial da xestión conxunta do proxecto serán os municipios de Miño, Ponte deume, e Cabanas.

Sétima.- *Representante das partes aos efectos da execución do convenio.*

Correspóndelle a don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, a representación de todos os concellos que interveñen aos efectos da execución do presente Convenio, con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que coma beneficiario da subvención corresponda, actuando como coordinadora, interlocutora, solicitante, preceptora e xustificadora da axuda concedida.

Oitava.- *Prazo de vixencia.*

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda suxeita á concesión da subvención que no seu caso se solicite e, no seu caso, ao disposto na resolución de concesión e a súa vixencia temporal vinculada á xestión, execución e liquidación do obradoiro de emprego.

En calquera caso, esta agrupación de concellos non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O presente convenio é susceptible de prórroga, mediante acordo expreso das partes e, en todo caso, formalizado con anterioridade á finalización do prazo inicialmente previsto e por un período da mesma duración.

Novena.- *Mecanismos de resolución de conflitos.*

As discrepancias que puideran xurdir na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas substanciaranse na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décima.- *Normativa aplicable.*

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio en dixital por todos os representantes.“

SEGUNDO.- Nomear representante da agrupación, ao Alcalde-Presidente do concello de Miño, para a presentación da solicitude e para realizar o resto de comunicacións e trámites en nome da agrupación, tanto no procedemento de solicitude como na fase de seguimento e xustificación da axuda, no seu caso.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao concello de Miño e ao concello de Cabanas para os efectos oportunos, emprazándoos para a sinatura do convenio de cooperación segundo o literal recollido no punto primeiro do presente acordo.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente do concello de Pontedeume para a sinatura de tanta documentación se derive do presente acordo.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa

No entanto, a Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo enmendada, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (4 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>

Toma a palabra a presidencia que indica que se cambiou unha das actividades que vai a desenvolver o obradoiro, que en vez de ir para formación en xardinaría, vai para formación de xente na construción, que destinarán a arranxo de pavimentos e beirarrúas.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen máis intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o acordo de agrupación do concello de Pontedeume, o concello de Miño e o concello de Cabanas segundo o literal que a continuación se transcribe:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE MIÑO, PONTEDEUME E CABANAS PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DE EMPREGO E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN.

Dunha parte don Manuel Vázquez Faraldo, como alcalde, en nome e representación do Concello de Miño, con CIF P1504900J, e enderezo a efectos de notificacións na rúa da Carreira núm. 38 (15630) de Miño.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Doutra parte don Bernardo Fernández Piñeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Pontedeume, con CIF P1507000F, e enderezo a efectos de notificación na rúa Real núm. 13 (15600) de Pontedeume.

Doutra parte don Fernando Couce Rodríguez, como alcalde, en nome e representación do Concello de Cabanas, con CIF P1501500A, e enderezo a efectos de notificación na rúa do Concello, núm. 22 (15621) de Cabanas.

Don Ignacio Edreira Moreira, como secretario accidental da entidade promotora, ao abeiro do establecido no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. Todos eles en nome e representación do seu referido concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (LALGA).

Os arriba reflectidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio para a execución compartida do proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego "ÁrtabroEmprende V", elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas. No mesmo senso maniféstase o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración local de Galicia (LALGA).

Segundo.- Os obradoiros de emprego, segundo define a normativa reguladora das axudas que os convocan, configúranse como "programas mixtos de emprego e formación que ten por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo" e, polo tanto, os alumnos e as alumnas recibirán formación profesional para o emprego, que alternarán coa práctica profesional, formación que deberá adecuarse, na medida do posible, aos contidos mínimos establecidos nos reais decretos que regulen os certificados de profesionalidade das correspondentes ocupacións.

Terceiro.- O proxecto de obradoiro de emprego que será a actuación en agrupación denomínase Obradoiro dual de emprego "Ártabro Emprende V", sendo elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025, e comprende as especialidades formativas seguintes:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

Cuarto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, a situación na que nos introduciu o ciclo económico que comezou no dous mil oito, que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando os servizos á cidadanía en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos, mediante fórmulas de cooperación e colaboración interadministrativa nas actuacións públicas.

No exercicio das súas competencias, a prestación dos diversos servizos públicos ten un elevado custo, tanto no que se refire á súa implementación coma ao seu funcionamento e xestión; esta circunstancia fai recomendable a colaboración entre as distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar á veciñanza os diversos servizos públicos en condicións de igualdade, para así mellorar a súa calidade de vida, persoal e social.

En consonancia con isto, as bases reguladoras das axudas para a implementación de obradoiros de emprego polas entidades promotoras recollen unha maior valoración para os proxectos que se promovan por máis dun concello de forma conxunta.

Quinto.- Tanto a LRBRL (artigo 57) como a LALGA (artigo 198) e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (artigo 47), regulan a posibilidade de colaboración interadministrativa mediante a sinatura dos convenios correspondentes.

Por todo o anterior, dada a mellora na eficiencia e na eficacia acadada, os concellos asinantes acordan xestionar conxuntamente o proxecto de Obradoiro dual de emprego "Ártabro Emprende IV", conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Ámbitos obxectivo e subxectivo do convenio.

O obxecto do presente convenio é constituír formalmente unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica para a regulación das condicións nas que se executará e financiará entre os concellos de Miño, Pontedeume e Cabanas o proxecto de obradoiro de emprego denominado Obradoiro dual de emprego "ÁrtabroEmprende V", elaborado ao abeiro da devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ano 2025 coa aprobación mediante as resolucións da Alcaldía dos anteditos concellos, e das que se acompañarán no expediente as correspondentes certificacións de aprobación das mesmas, para o caso de ser concedida á axuda solicitada ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tal e coma se sinala na parte expositiva do presente convenio, as especialidades formativas que comprende o obradoiro de emprego son as que se nomean deseguido:

- Operacións auxiliares de acabados ríxidos e urbanización (EOCB0209)
- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

Segunda.- Competencia.

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en prol dunha mellor coordinación e eficacia administrativa do exercicio das competencias propias municipais afectadas, en materia de medio ambiente urbano, en particular parques e xardíns, ao abeiro do establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Terceira.- Obrigas das partes.

1) Todas as partes obríganse á realización conxunta do proxecto e á realización das actividades para as cales se conceda a subvención, no seu caso e obríganse a poñer a disposición do proxecto as instalacións onde se desenvolverán e os inmobles sobre os que este se executará e que se definen na documentación técnica que conforma o expediente.

2) Todas as partes aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos e obrigas establecidos na devandita Orde do 14 de novembro de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (DOG núm. 228 do 25.11.2025).

Os concellos comprométense a garantir o financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado, coa achega por parte de cada un deles das cantidades e porcentaxes que, no seu caso, se detallen na solicitude de subvención, en relación co proxecto presentado

Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a investimentos realizados ou bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.

De existiren durante a execución do obradoiro de emprego outros gastos comúns, estes ratearanse entre todos os concellos de maneira proporcional ao alumnado-traballadores que achegue cada un deles ao proxecto formativo.

En todo caso, as entidades membros comprométense a manter un sistema de rexistros contables separados ou códigos contables adecuados para todas as transaccións que correspondan á execución do proxecto de que se trate.

3) O Concello de Miño actuará coma entidade promotora, para os efectos do artigo 3 da orde reguladora da axuda.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Miño asume as obrigas formais da xestión do proxecto, entre as que se inclúe a tramitación administrativa que corresponda e a contratación laboral, tanto do persoal directivo, docente, administrativo de apoio e do alumnado-traballador participante, segundo establece a orde reguladora.

4) O Concello de Miño poderá ditar cantos actos ou resolucións sexan necesarios para dar soporte as actividades propostas polos Concellos de Pontedeume e Cabanas, para o que estes últimos deberán comunicar formalmente todos os actos ditados no ámbito do presente convenio.

5) En todo caso, todas as partes asinantes obríganse a achegar a documentación necesaria para a execución do proxecto, incluídas, no seu caso, as autorizacións sectoriais pertinentes, e a que sexa necesaria para a solicitude, tramitación que corresponda no decurso do procedemento e xustificación da subvención establecida na orde reguladora das axudas.

6) Cada Concello comprométese a poñer a disposición do Concello de Miño un/unha funcionario/a ou persoal laboral fixo para formar parte do grupo de selección do persoal directivo, docente, de apoio e dos alumnos/as.

Cuarta.- Mecanismos de seguimento.

A dirección do obradoiro de emprego, unha vez finalizado este, ou cando así sexa requirida por calquera das partes, e atendendo ao proxecto executado, elaborará un informe clasificando os gastos como comúns ou non comúns. Ao informe xuntarase unha relación certificada e copia autenticada das facturas correspondentes presentadas no concello que teña a consideración de beneficiario da subvención.

Quinta.- Réxime de modificación.

As modificacións do proxecto de obradoiro e, en consecuencia, do presente convenio, requirirán da previa aprobación ou conformidade dos concellos que interveñen, por medio da sinatura da correspondente addenda, seguindo os mesmos trámites e requisitos que os iniciais e xa observados na formalización do convenio.

Sexta.- Ámbito territorial de aplicación.

O ámbito territorial da xestión conxunta do proxecto serán os municipios de Miño, Pontedeume, e Cabanas.

Sétima.- Representante das partes aos efectos da execución do convenio.

Correspóndelle a don Manuel Vázquez Faraldo, alcalde do Concello de Miño, a representación de todos os concellos que interveñen aos efectos da execución do presente Convenio, con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que coma beneficiario da subvención corresponda, actuando como coordinadora, interlocutora, solicitante, preceptora e xustificadora da axuda concedida.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Oitava. - Prazo de vixencia.

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda suxeita á concesión da subvención que no seu caso se solicite e, no seu caso, ao disposto na resolución de concesión e a súa vixencia temporal vinculada á xestión, execución e liquidación do obradoiro de emprego.

En calquera caso, esta agrupación de concellos non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O presente convenio é susceptible de prórroga, mediante acordo expreso das partes e, en todo caso, formalizado con anterioridade á finalización do prazo inicialmente previsto e por un período da mesma duración.

Novena. - Mecanismos de resolución de conflitos.

As discrepancias que puideran xurdir na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas substanciaranse na orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Décima. - Normativa aplicable.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións.

En proba de conformidade asíñase o presente convenio en dixital por todos os representantes."

SEGUNDO.- Nomear representante da agrupación, ao Alcalde-Presidente do concello de Miño, para a presentación da solicitude e para realizar o resto de comunicacións e trámites en nome da agrupación, tanto no procedemento de solicitude como na fase de seguimento e xustificación da axuda, no seu caso.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao concello de Miño e ao concello de Cabanas para os efectos oportunos, emprazándoos para a sinatura do convenio de cooperación segundo o literal recollido no punto primeiro do presente acordo.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente do concello de Pontedeume para a sinatura de tanta documentación se derive do presente acordo.

QUINTO.- Publicar o presente acordo no portal de transparencia da sede electrónica para os efectos de publicidade activa.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 18.12.2025, que se transcribe a continuación

«DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA XOVES 18 DE DECEMBRO DE 2025

EXPDTE: 2025/G012/000023

<<3. PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ TITULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Expediente núm.: 2024/P002/000013

Logo de ver o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con número de rexistro de entrada 202500000002596 de día 03.12.2025, polo que se comunica a este Concello, a proximidade do vencemento do período de catro anos polo que se nomeou xuíza de paz titular deste municipio, e se inicie, se así se acorda, novo expediente para elixir xuíz/a de paz titular no prazo de tres meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial xa que, de non facelo, nomearase directamente pola Sala de Goberno do dito Tribunal.

*Tendo en conta a providencia desta Alcaldía de día 11.12.2025 e o Informe da Secretaria Municipal sobre o procedemento, de data 15/12/2025, sométese, a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de paz titular no Concello de Ponte deume.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (4 PSOE, 1 BNG e 1 PP).>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de paz titular no Concello de Pontedeume.

SEGUNDO.- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Pontedeume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

4. ASUNTOS DE URXENCIA

A secretaria municipal indica que hai dous asuntos pola vía da urxencia; que é necesaria a votación da urxencia para a súa inclusión dentro do orde do día; son os seguintes:

4.1 PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 www.pontedeume.gal

Páxina 18 de 41



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Expediente TEdC: 2025/A007/000005

Expediente da proposta: 2025/G006/000326

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 04/12/2025, relativa ao "POS+ADICIONAL 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio de 2026, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS+ADICIONAL 1/2026 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026 son as que figuran na seguinte táboa:

Concello	Pontedeume
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2026 para gastos sociais extraordinarios	63.430,32 €

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2026 (BOP nº 231 do 02/12/2025), aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 28 de novembro de 2025.

Logo de ver os informes/anexos da convocatoria, que constan no expediente.

Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN:**

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

SEGUNDO.- Comprometerse a **facen constar a colaboración da Deputación da Coruña** en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente".

Toma a palabra o Sr. Presidente para xustificar a urxencia no prazo que hai para remitir a documentación que ampara a solicitude da achega provincia, que remata o día 15 de xaneiro, o que levaría a convocar un pleno extraordinario, pero consideraron que era mellor incluílo fóra da orde do día, porque a principios de xaneiro era complicado organizar un pleno extraordinario.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DOS ASUNTOS NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP).

A Presidencia abre a quenda para o debate.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 11 VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €
--	-------------

SEGUNDO.- Comprometerse a **facер constar a colaboración da Deputación** da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

TERCEIRO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.2 APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”

(EXPEDIENTE Nº: 2025/C004/000009)

(Expediente TEDeC: 2025/G006/000324)

ANTECEDENTES

O Concello de Pontedeume formalizou un contrato de servizos de emerxencia de axuda no fogar na modalidade de dependencia en data 03/11/2023 por razón de interese público co fin de non interromper o servizo de axuda no fogar de dependencia.

Na actualidade, o Concello de Pontedeume necesita regularizar a prestación do servizo de axuda no fogar na súa modalidade de dependencia mediante a adxudicación e formalización dun contrato que cumpra coas esixencias da lexislación vixente.

Mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria do 30.11.2023 acordouse, entre outros, incoar o procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do concello de Pontedeume, sen que tivera finalizado a súa tramitación (expediente 2023/C003/000003).

No entanto, respecto do servizo de axuda a domicilio na modalidade de libre concorrência, na actualidade o servizo estase a realizar con persoal propio do concello, sendo que da totalidade da plantilla de persoal municipal o servizo só conta con tres traballadoras auxiliares de axuda a





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

domicilio, e á vista do absentismo no dito colectivo, debido a factores como a idade, deterioro e enfermidades crónicas polo desgaste físico e psicolóxico, a redución progresiva da plantilla, a existencia dunha oferta limitada de persoal cualificado no mercado laboral e a rixidez de procedementos administrativos de selección e de contratación no ámbito local polas restriccións legais e orzamentarias que dificulta a cobertura inmediata do servizo cando é necesario. Tendo en conta que cos medios persoais cos que conta o concello de Ponte deume non permiten atender a totalidade de horas e ás persoas usuarias do servizo dunha forma óptima, esta Administración, para o cumprimento dos seus fins, debe garantir a modalidade de xestión directa do servizo de axuda a domicilio que mellor permita garantir os principios de eficiencia e eficacia, quedando xustificada desta maneira a necesidade de contratar a dita prestación cunha empresa autorizada, incluíndo a mesma no procedemento de licitación que se atopa en tramitación.

O Concello da Ponte deume carece de persoal especializado e de medios propios suficientes para a prestación óptima da prestación do dito servizo de axuda a domicilio nas súa modalidade de dependencia e de libre concorrencia. Consta no expediente o informe de necesidade emitido polo servizo no que se recolle a xustificación da insuficiencia de medios.

A axuda no fogar configúrase como un servizo público que ten a consideración de prestación básica dos servizos sociais de atención primaria. O servizo presta, a través de persoal cualificado, unha serie de coidados de carácter persoal, psicosocial, educativo, doméstico e técnico ás persoas con dificultades para procurar o seu benestar integral, promovendo o maior grado de autonomía posible, sendo un medio de estímulo ás súas potencialidades, evitando o illamento e fomentando a súa participación na vida comunitaria.

O Servizo de axuda no fogar ten por finalidade ofrecerlles a todas as persoas empadroadas no concello de Ponte deume e con residencia efectiva neste, tanto como prestación básica (libre concorrencia) como ás persoas valoradas como dependentes, no seu domicilio, un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía por motivos de índole física, psíquica ou sensorial, mellorando a súa calidade de vida e facilitando a permanencia no seu propio contorno mentres sexa posible e conveniente.

Logo de ver o **Informe de necesidade** asinado en data 05/12/2025 pola Educadora social e a concelleira da área. Neste informe xustifícase tanto a **insuficiencia de medios** por parte do Concello como a **non división lotes**, de conformidade cos artigos 116.4 e 99 da LCSP.

Consta **Prego de Prescricións Técnicas (PPT)**, documento asinado dixitalmente pola educadora social o 18.12.2025

Logo de ver a **Memoria da Alcaldía** de data 18/12/2025, no que se referencia a situación actual do concello, o obxecto do contrato a realizar, a xustificación da contratación e análise do procedemento e o valor estimado da contratación.

Consta **Prego de cláusulas administrativas particulares do “Contrato de servizos de axuda no fogar, na modalidade de dependencia e libre concorrencia, do concello de Ponte deume (A Coruña)”** asinado polo Alcalde en data 18/12/2025.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o **informe xurídico** da Secretaría xeral de data 18/12/2025.

Logo de ver o **informe de fiscalización** do expediente (fase A) Ref. 347/2025 de 23/12/2025, favorable e sobre recursos ordinarios do orzamento de data 20/03/2025.

Tendo en conta a lexislación aplicable ao presente expediente, e en concreto a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, respecto da determinación do órgano competente dos expedientes de contratos.

Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Á vista do informe de necesidade do servizo do 05/12/2025 e á Memoria xustificativa da Alcaldía do 18/12/2025 que constan no expediente, deixar sen efecto a incoación do procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do concello de Ponte deume mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria do 30/11/2023 (expediente 2023/C004/000003).

SEGUNDO.- Incoar o procedemento para “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrencia do Concello de Ponte deume (A Coruña)”, en base ao “Prego de Prescricións Técnicas” que rexerá a contratación, redactado e asinado dixitalmente pola Educadora social de data 18/12/2025, que recolle o prezo hora anual do contrato (IVE incluído) de 23,79 €/hora e orzamento base de licitación de 5.094.471,00 € (4.898.529,81 € + 195.941,19 € de IVE), coas características seguintes:

TIPO DE CONTRATO	Servizos	SUBTIPO DE CONTRATO	Contrato administrativo de servizos		
OBXECTO DO CONTRATO	Servizo de axuda no fogar do concello de Pontedeume, modalidade dependencia e modalidade libre concorrencia				
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	Procedemento aberto (artigo 156 LCSP), suxeito a tramitación harmonizada		TIPO DE TRAMITACIÓN	Ordinaria e anticipada de gasto	
CÓDIGO CPV	98514000-8: Servizos de axuda en tarefas domésticas 98514000-9: Servizos domésticos				
VALOR ESTIMADO	5.633.309,32 €				
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (sen IVE)	4.898.529,81 €	IVE 4%	195.941,19 €	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (con IVE)	5.094.471,00 €
FINANCIACIÓN	SAF Dependencia: Administración xeral do Estado e Xunta de Galicia: 58% Usuarios/as do servizo: 9% Concello: 33% SAF libre concorrencia: Deputación Provincial da Coruña: 41%				





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

		Usuarios/as do servizo: 8% Concello: 51%		
DURACIÓN EXECUCIÓN	DA	3 anos	PRÓRROGAS	1 ano
NECESIDADE SATISFACER	A	Ofrecerlles ás persoas no seu domicilio, un conxunto de atencións dende a perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñen limitada a súa autonomía por motivos de índole física, psíquica ou sensorial, mellorando a súa calidade de vida e facilitando a permanencia no seu propio entorno mentres sexa posible e conveniente.		

TERCEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación do “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrência do Concello de Ponte deume (A Coruña)”, mediante procedemento **ABERTO** suxeito a **regulación harmonizada**, mediante tramitación ordinaria e **ANTICIPADA DE GASTO** por prezo hora anual (sen IVE) de 22,88 €/hora e prezo hora anual (IVE incluído) de 23,79 €/hora, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato e comprometéndose á inclusión do crédito correspondente no orzamento do exercicio 2026 do concello de Ponte deume de acordo co artigo 117.2 e Disposición Adicional Terceira, párrafo segundo da LCSP e Base 8ª das bases de execución do Orzamento do concello para 2025.

CUARTO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato para “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrência do Concello de Ponte deume (A Coruña)”.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE (DOUE) e no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, así como toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO.- Designar a Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colexiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito, e publicar a súa composición no perfil do contratante:

POSTO	NOME	CARGO
Presidenta	María Roca Vázquez	Técnica Superior en Administración Local
Vogais	Ana Ramos Ramos	Secretaria municipal
	Lucía Varela Martínez	Interventora municipal
	María Josefa Tenreiro	Traballadora social
	Mª Olimpia Sánchez Martínez	Educadora social
Secretaria	Eva Guerrero Rico	Administrativa





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Secretaría suplente	Montserrat Soto Soto	Administrativa
--------------------------------	----------------------	----------------

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Intervención debido aos efectos económicos implícitos ao presente acto administrativo.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que o contrato ten dúas vertentes, por unha banda o servizo de axuda no fogar a persoas dependentes e por outra banda, o servizo de axuda no fogar de libre concorrência; que na actualidade a prestación deste servizo ten o contrato prorrogado, e polo tanto en precario; e que agora grazas ao traballo dos distintos departamentos do concello, pódese sacar a licitación por tramitación anticipada, e entanto non entre o orzamento prorrogado en vigor pódese seguir facendo a licitación, e por iso a urxencia para traelo ao Pleno fóra da orde do día, e porque ata o de agora non estivo rematado o expediente.

Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que o servizo de libre concorrência estase a prestar con persoal propio do concello, que eran 5 persoas, das cales 2 xa se xubiláron, e das outras 3, dúas se xubiláron no prazo de 2 anos; que pola taxa de reposición se poderían sacar a convocatoria pública, pero con este persoal non se dá atendido ao 50% das solicitudes que hai para este servizo de libre concorrência; o que lles levou a ter que tomar a decisión entre seguir prestado o servizo como está, sen chegar a todas as persoas que o necesitan; ou incluílo dentro desta licitación e así garantir a prestación do servizo a todos os usuarios que o precisen.

Indica o **sr. Presidente** que a maiores tamén estaba o problema da baixas, vacacións, permisos das persoas traballadoras municipais, que non podían ser cubertas pola persoas que integraban a listaxe de agarda que renunciaban a suplir a esas traballadoras nas situacións indicadas; o que levou ao concello a contratar a unha empresa para cubrir esas necesidades, o que implicaba unha ilegalidade, tendo que levantar o reparo desta situación para que a empresa puidese cobrar polo servizo prestado.

Continúa o **Sr. Presidente**, que con esta solución, se regulariza a situación contractual do servizo conforme a lexislación vixente, e se pode dar cobertura a máis persoas que necesitan o servizo; que isto é o prioritario, independentemente da visión dende o punto ideolóxico de cada un, que entende que compartirán todos e todas.

Indica o **Sr. Presidente** que o persoal do servizo de axuda no fogar do concello, pasará a formar parte do servizo de limpeza, mantéñenselles as condicións salariais e laboralmente, entende o goberno que mellorarán xa que consideran que non é o mesmo limpar edificios que andar movendo a persoa maiores, que pensa que é máis penoso. Indica que hai dúas que xa aceptaron quedarse no concello, e unha parece que está dubidosa, e en caso de que non acepte será subrogada pola empresa adxudicataria.

Continúa dicindo o **Sr. Presidente** que o servizo de axuda no fogar está financiado pola Deputación da Coruña, pero como non se pode prestar a todos as persoas que o necesitan,





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

non se cobren todas as horas que nos da esa achega provincial, polo que todos os anos hai que devolver unha parte, o que consideran que é unha pena, porque realmente hai persoas necesitadas para que se lles adxudiquen esas horas financiadas pola Deputación.

Neste punto, o **Sr. Presidente** cita textualmente unha parte dun informe de servizos sociais que di: "(...)No ano 2025 o total de horas concedidas pola Deputación foi de 6200.

Ata o mes de setembro prestáronse 3196,25 horas e, previsiblemente, remataremos o ano cunhas 4300 horas prestadas.

Cremos que quedan suficientemente explicadas as dificultades existentes neste concello para poder manter este servizo de axuda no fogar que cremos que é básico para a nosa comunidade.

Confiamos en que o procedemento de licitación que se está a tramitar poida permitirnos, no ano 2026, recuperar a normalidade na prestación do servizo, xa que consideramos que é a única vía factible para poder seguir prestando o SAF municipal cun mínimo de calidade.

Tendo en conta esta previsión de externalización da xestión, solicitamos que, polo menos, se nos poidan manter para o ano 2026 as 6200 horas concedidas na última resolución da Deputación. (...)"

Indica que este informe foi remitido á Deputación para que non nos baixen as horas de subvención; e que co explicado considera que esta acreditado a dificultade de prestación do servizo de libre concorrência con persoal propio do concello.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que non poden votar a favor da urxencia porque se lles remitiu a documentación unha hora antes da celebración do Pleno, polo que non puideron revisala; di que coinciden na urxencia da licitación do servizo, que xa se intentou sacar hai dous anos e quedou en nada; non entenden que se traia ao último pleno do ano, sen un aviso de ninguén, sen ningunha chamada. Saben que vai dar igual que voten en contra, pero que polo menos conste en acta a súa posición e as súas razóns.

Continúa dicindo, que o seu grupo tiña coñecemento do interese do goberno pola externalización do servizo, coñecemento que non lles chegou a través do goberno, que xa hai tres meses fixeron unha publicación na que amosaban o seu desacordo coa externalización do servizo; que lles parecen ben as explicacións do goberno, que entenden que é un sistema que ten que depender da Xunta de Galicia que os concellos non poden facerse cargo do servizo; que xa hai uns anos xa se externalizou parte do servizo; e que sen ler a documentación non se pode ter un debate en condicións, que o Sr. Presidente di que parece que concordan e algunhas cousas, a realidade e que se trata da privatización do servizo; que habería que estudar as fórmulas en profundidade, das que dispón o concello para poder manter o servizo con persoal municipal e no ir na mesma corrente que fai a Xunta de Galicia, que fai o PP de privatizar os servizos públicos; e que o goberno optou pola vía máis fácil e rápida: a externalización do servizo.

Indica o **Sr. Curbeira** que non pode debater nada máis, porque a realidade é que non tiveron tempo de ver a documentación que se lles trasladou, queren mostrar a súa contrariedade, van





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

votar en contra da externalización e porque non se puido dar un debate en condicións, porque non se trae en condicións a este pleno.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para dar as grazas ao Sr. Presidente polas explicacións que lle ofreceu en relación ao expediente; e entende que máis que privatizar é unha subcontratación, e que se non se fai así o concello non podería prestar o servizo.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir que sendo honestos, hai tres meses que o grupo municipal do BNG xa se manifestou en contra da externalización a través das redes sociais, vía comunicado, vía boletín; a pesar de que agora está a dicir que non poden debater por non ter a documentación; que a súa postura xa a fixaron previamente a ter información, nin a preocuparse por tela, xa que en ningún momento solicitou información sobre o asunto. Dilles aos membros do grupo municipal do BNG que a privatización non so é cousa da Xunta de Galicia nin do PP, senón que concellos da contorna gobernados polo BNG teñen externalizado este servizo e moitos outros; polo que entende o goberno, que a externalización non depende das siglas senón das circunstancias, e que foron claros coa situación actual do servizo e a súa imposibilidade de continuar prestando o servizo.

Cita o **Sr. Presidente** parte dun informe dos servizos sociais que indica textualmente: (...) *Dende hai anos estamos observando un absentismo maior neste colectivo debido a varios factores, como antigüidade das auxiliares (entre 17-25 anos) que ocasiona un deteriore inherente ao desempeño das súas funcións e a existencia de enfermidades crónicas relacionadas con este desgaste físico e psicolóxico. Isto implica ausencias regulares ao traballo, ben por baixas, consultas médicas ou imprevistos. Existen problemas reais e importantes para poder substituílas. Ao longo dos anos buscáronse diferentes solucións: recurrir a listaxes de substitutas procedentes de convocatorias públicas, reorganizar os horarios das propias auxiliares para poder cubrirse unhas ás outras cando se ausentan do traballo ou contratar os servizos dalgũa empresa. Todas e cada unha desas solución tiñan as súas vantaxes e os seus inconvenientes, ningunha foi unha solución permanente por restricións legais, de procedemento ou presupuestarias(...).* Polo tanto continúa o **sr. Presidente** que todas as opcións que tiñan como administración pública para tentar continuar co servizo non foron posibles, polo que se viron abocados a situación actual.

Continúa dicindo o **sr. Presidente** que o grupo municipal do BNG non preguntou en ningún momento sobre a situación do servizo, non se interesou; e que non se puido convocar unha reunión de voceiros porque un informe asinou se no mesmo día de hoxe, que ata o momento non se tiña o expediente completo.

Sendo as 12h e 39 min a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE dona Manuela García Fachal, abandona a sesión





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que en moitos plenos o seu grupo fixo preguntas en relación a como se atopaba a tramitación do expediente, polo que si se interesaron por esa tramitación; que entendían que en canto estivese o expediente concluído se elevaría a Pleno coa antelación suficiente, non unha hora antes; para poder ver o contido do mesmo. Indica que será lícito, que vai saír adiante, que corta o debate e que por iso se trae con tan pouco tempo. Continúa dicindo que eles son o BNG de Ponte deume, que sabe o que fan outros concellos, pero non é a súa responsabilidade; que poderían entón votarlle a responsabilidade ao PSOE de Ponte deume de seguir coa taxa de reposición, porque o PSOE está gobernando no Estado, e non o fan. Indica que levar o debate a estes extremos o considera demagógico.

Toma a palabra o **Sr. Presidente**, para dicir que o BNG de Ponte deume, apoiou no seu día, tamén privatizou servizos, polo que entende que sería porque non habería outra solución, polo que pide que se lle conceda a él a mesma dúbida. Continúa dicindo que non se pode acusar ao seu goberno de non debater, xa que en ningún momento aplica o tempo establecido no regulamento para as intervencións dos grupos municipais, que o único que se fixo para non terxiversar o que se dicía foi a obriga de presentar e responder as preguntas por escrito.

Indica o **Sr. Presidente**, que xa explicou que o expediente se licitaba por tramitación anticipada, para non ter que perder 3 meses de tramitación mentres prorrogue o orzamento e entre en vigor, o que ocorrería senón se aprobase neste momento. Tamén o xustifica en que hai 13 familias que están esperando no servizo de libre concorrência é que non se pode prestar cos medios actuais.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir, que cando se refire a cortar o debate, non é que non se deixe falar no Pleno, senón que como non puideron ler os documentos, non poden debater sen coñecemento, di que o Sr. Presidente está lendo a parte que lle interesa dos informes técnicos, pero polo pouco que puido ver tamén se fala de eivas na parte orzamentaria, que citou tamén o Sr. Presidente; polo que entende que unha das solucións é ter uns orzamentos axeitados.

Sendo as 12h e 42 min a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE dona Manuela García Fachal, regresa á sesión

Indica o **Sr. Presidente** que o problema orzamentario ven derivado das horas de baixas que vai coller o persoal de atención a dependentes, non se pode prever no orzamento estas situacións; e que ao final se vai arranxando a través de modificacións orzamentarias.

Toma a palabra **dona Alejandra Bellon Tenreiro, concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE**, que se está a falar dun traballo que fisicamente é moi duro, que canto máis avanzan en idade as traballadoras máis se resenten fisicamente, que na actualidade as persoas traballadoras do servizos teñen condicións laborais máis dignas que hai 25 anos, a pesar de que se segue a reclamar melloras, un traballo digno.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén o **Sr. Presidente** que houbo moitas melloras nos convenios colectivos das persoas traballadoras do servizo de axuda no fogar, que se trasladou en incremento do custe do servizo de 12 euros hora a pasar a 24 euros hora na actualidade; que é un servizo que máis gasta do orzamento municipal a pesar de que non é competencia municipal; indica que non se pode atender con 5 persoas o servizo, non hai capacidade para prestalo, e que se tomou a decisión, por enriba da súa ideoloxía prima o interese veciñal, polo que para poder dar servizo hai que externalizar o servizo; o compromiso deste goberno é prestar un servizo en condicións.

Toma a palabra o **Sr. Curbeira** para dicir que xa en moitas mocións presentadas, tanto polo grupo BNG como polo PSOE, se falou da falta de financiamento do servizo por parte da Xunta de Galicia, e que cando dixo o de que a Xunta prefería privatizar os servizos, estaba referíndose a isto, que en vez de asumir o custe das súas competencias que realizan os concellos, prefere que se privatizen os servizos.

Continua o debate entre o grupo municipal do BNG e do PSdeG-PSOE, que deriva sobre outros asuntos que non teñen que ver co punto que se está a debater.

Sen máis intervencións, sométese a votación a urxencia.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, por **POR MAIORÍA DE 11 VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR POR MAIORÍA DE 11 VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena o **ACORDO seguinte**:

PRIMEIRO.- Á vista do informe de necesidade do servizo do 05/12/2025 e á Memoria xustificativa da Alcaldía do 18/12/2025 que constan no expediente, deixar sen efecto a incoación do procedemento para a contratación do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia do concello de Ponte deume mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria do 30/11/2023 (expediente 2023/C004/000003).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Incoar o procedemento para “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrancia do Concello de Ponte deume (A Coruña)”, en base ao “Prego de Prescricións Técnicas” que rexerá a contratación, redactado e asinado dixitalmente pola Educadora social de data 18/12/2025, que recolle o prezo hora anual do contrato (IVE incluído) de 23,79 €/hora e orzamento base de licitación de 5.094.471,00 € (4.898.529,81 € + 195.941,19 € de IVE), coas características seguintes:

TIPO DE CONTRATO	Servizos	SUBTIPO DE CONTRATO	Contrato administrativo de servizos		
OBXECTO DO CONTRATO	Servizo de axuda no fogar do concello de Pontedeume, modalidade dependencia e modalidade libre concorrancia				
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	Procedemento aberto (artigo 156 LCSP), suxeito a tramitación harmonizada		TIPO DE TRAMITACIÓN	Ordinaria e anticipada de gasto	
CÓDIGO CPV	98514000-8: Servizos de axuda en tarefas domésticas 98514000-9: Servizos domésticos				
VALOR ESTIMADO	5.633.309,32 €				
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (sen IVE)	4.898.529,81 €	IVE 4%	195.941,19 €	ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (con IVE)	5.094.471,00 €
FINANCIACIÓN	SAF Dependencia: Administración xeral do Estado e Xunta de Galicia: 58% Usuarios/as do servizo: 9% Concello: 33% SAF libre concorrancia: Deputación Provincial da Coruña: 41% Usuarios/as do servizo: 8% Concello: 51%				
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	3 anos	PRÓRROGAS	1 ano		
NECESIDADE SATISFACER A	Ofrecerlles ás persoas no seu domicilio, un conxunto de atencións dende a perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñen limitada a súa autonomía por motivos de índole física, psíquica ou sensorial, mellorando a súa calidade de vida e facilitando a permanencia no seu propio entorno mentres sexa posible e conveniente.				

TERCEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación do “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrancia do Concello de Ponte deume (A Coruña)”, mediante procedemento **ABERTO** suxeito a **regulación harmonizada**, mediante tramitación ordinaria e **ANTICIPADA DE GASTO** por prezo hora anual (sen IVE) de 22,88 €/hora e prezo hora anual (IVE incluído) de 23,79 €/hora, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

financiar o contrato e comprometéndose á inclusión do crédito correspondente no orzamento do exercicio 2026 do concello de Ponte deume de acordo co artigo 117.2 e Disposición Adicional Terceira, párrafo segundo da LCSP e Base 8ª das bases de execución do Orzamento do concello para 2025.

CUARTO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato para “Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrencia do Concello de Ponte deume (A Coruña)”.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE (DOUE) e no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, así como toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO.- Designar a Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colexiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito, e publicar a súa composición no perfil do contratante:

POSTO	NOME	CARGO
Presidenta	María Roca Vázquez	Técnica Superior en Administración Local
Vogais	Ana Ramos Ramos	Secretaría municipal
	Lucía Varela Martínez	Interventora municipal
	María Josefa Tenreiro	Traballadora social
	Mª Olimpia Sánchez Martínez	Educadora social
Secretaria	Eva Guerrero Rico	Administrativa
Secretaria suplente	Montserrat Soto Soto	Administrativa

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Intervención debido aos efectos económicos implícitos ao presente acto administrativo.

5. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓN URXENTES.

Non se presentaron mocións pola vía da urxencia.

6. ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

"PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 24 DE NOVENBRO DO 2025 AO 17 DE DECEMBRO DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23 DE DECEMBRO DE 2025

Expediente TEdEC: 2025/G006/0000320

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **721/2025** de 24 de novembro ao **813/2025** de 17 de decembro de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/ G003/000791	DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 27-11-2025	00721/2025	2025-11-24 13:53:00
2025/ G003/000787	APROBACIÓN PLANS AGADER	00722/2025	2025-11-24 12:17:00
2025/ G003/000792	DECRETO DELEGACIÓN DE FUNCÍONS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027. DO 25 AO 27 DE NOVENBRO	00723/2025	2025-11-25 10:21:00
2025/ G003/000783	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/20.-	00724/2025	2025-11-26 13:16:00
2025/ G003/000790	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-INCIDENCIAS NÓMINA MES NOVENBRO 2025.	00725/2025	2025-11-26 14:20:00
2025/ G003/000793	ELABORACIÓN DE NÓMINAS-RESOLUCIÓN APROBANDO NÓMINA NOVENBRO 2025	00726/2025	2025-11-26 14:31:00
2025/ G003/000802	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 27 DE NOVENBRO DE 2025	00727/2025	2025-11-26 14:43:00
2025/ G003/000803	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 28, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 8. VARIAS ÁREAS DE GASTO.-	00728/2025	2025-11-26 14:45:00
2025/ G003/000796	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037287	00729/2025	2025-11-27 10:20:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/ G003/000795	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037197	00730/2025	2025-11-27 10:19:00
2025/ G003/000798	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO 9BIS 99500000037196	00731/2025	2025-11-27 10:17:00
2025/ G003/000797	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037371	00732/2025	2025-11-27 10:16:00
2025/ G003/000810	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 29, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 9. PERSOAL.-	00733/2025	2025-11-28 14:39:00
2025/ G003/000815	RENOVACIÓN DO CERTIFICADO DE SITIO (SSL) DA SEDE ELECTRÓNICA	00734/2025	2025-11-28 14:39:00
2025/ G003/000754	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/19 -MELLORA INSTALACIÓNS PUNTO LIMPO MUNICIPAL- E -MATERIAL DE COMPOSTAXE, ACTUACIÓNS DE FORMACIÓN.-	00735/2025	2025-11-28 14:39:00
2025/ G003/000788	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-SELECCIÓN DE UN TRABALLADOR COA CATEGORÍA DE PEÓN, SEGUNDO SUBVENCIÓN (GARANTÍA XUVENIL).	00736/2025	2025-11-28 14:39:00
2025/ G003/000794	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS OUTUBRO 2025.	00737/2025	2025-11-28 15:06:00
2025/ G003/000812	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN TALLERES CULTURAIS MUNICIPAIS CURSO 2025/2026	00738/2025	2025-11-28 17:16:00
2025/ G003/000800	APROBACIÓN BASES LISTAXE DE AGARDA COMPLEMENTARIA PARA POSTOS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, GRUPO C2	00739/2025	2025-12-01 12:12:00
2025/ G003/000804	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-BOLSA SUBSTITUCIÓNS LIMPADOR/A	00740/2025	2025-12-01 12:10:00
2025/ G003/000818	CONVOCATORIA AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2023 E 2024	00741/2025	2025-12-01 12:05:00
2025/ G003/000819	CONVOCATORIA AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2023 E 2024	00742/2025	2025-12-01 12:10:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/ G003/000805	APROBACIÓN BASES AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, 2 POSTOS FUNCIONARIO/A, OFERTA EMPREGO 2023 E 2025	00743/2025	2025-12-01 12:12:00
2025/ G003/000816	DECLARACIÓN CUMPRIMENTO DA FINALIDADE	00744/2025	2025-12-01 11:46:00
2025/ G003/000806	ADMINISTRATIVO/A 2 POSTOS FUNCIONARIO/A, OFERTA EMPREGO 2023 E 2025	00745/2025	2025-12-01 12:13:00
2025/ G003/000566	PAGO COTAS COMUNIDADE DO ANO 2025 DE LOCAL A E LOCAL B DO EDIFICIO SITO EN AV. DR. VILLANUEVA Nº 34	00746/2025	2025-12-01 12:16:00
2025/ G003/000809	TESOURARÍA: ANULACIÓNS LIQUIDACIÓNS E BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00747/2025	2025-12-01 12:16:00
2025/ G003/000817	TESOURARÍA: ALTA-BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO E ANULACIÓN RECIBOS	00748/2025	2025-12-01 12:16:00
2025/ G003/000808	TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO.	00749/2025	2025-12-01 13:14:00
2025/ G003/000801	APROBACIÓN BASES LISTAXES DE AGARDA COMPLEMENTARIA PARA POSTOS DE ADMINISTRATIVO/ A GRUPO C1	00750/2025	2025-12-01 13:13:00
2025/ G003/000655	TRAMITACIÓN DECRETO CONXUNTA DE: RESOLUCIÓN POR DESESTIMIENTO ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS PADRONAIS ANO 2024	00751/2025	2025-12-01 14:35:00
2025/ G003/000813	DELEGACIÓN DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DÍAS 2 E 3 DE DECEMBRO.	00752/2025	2025-12-01 17:10:00
2025/ G003/000799	APROBACIÓN PLANS VELIÑO	00753/2025	2025-12-01 17:10:00
2025/	MODIFICACIÓN CONTRACTUAL DO	00754/2025	2025-12-01





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
G003/000824	TRABALLADOR QUE DESEMPEÑA O POSTO DE XARDINEIRO (CÓD. RPT 05.02.00.03.13)		17:17:00
2025/ G003/000828	DECRETO ADXUDICACIÓN CENTROÑA	00755/2025	2025-12-03 09:38:00
2025/ G003/000832	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	00756/2025	2025-12-03 13:22:00
2025/ G003/000829	DECRETO ADXUDICACIÓN A REGUEIRA	00757/2025	2025-12-04 12:14:00
2025/ G003/000826	DECRETO ADXUDICACIÓN PEDRIDAS	00758/2025	2025-12-04 12:14:00
2025/ G003/000833	DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN IMPORTES POR ANTIGÜIDADE.	00759/2025	2025-12-04 13:31:00
2025/ G003/000831	DECRETO ADMISIÓN A TRÁMITE E INCOACIÓN EXPEDIENTE	00760/2025	2025-12-04 14:32:00
2025/ G003/000825	DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN IMPORTES POR ANTIGÜIDADE.	00761/2025	2025-12-04 13:31:00
2025/ G003/000633	DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN IMPORTES POR ANTIGÜIDADE.	00762/2025	2025-12-04 13:31:00
2025/ G003/000835	TESOURARÍA: BAIXA PADRÓN RECOLLIDA DE LIXO E ANULACIÓNS DE LIQUIDACIÓNS POR SER UNHA SOA VIVENDA	00763/2025	2025-12-04 14:35:00
2025/ G003/000807	SOLICITUDE DE SUBSTITUCIÓN DO VEHÍCULO ADSCRITO A LICENZA DE TAXI NÚM. 3. JMBC. NOVO VEHÍCULO CITROEN HYBRID AIR CROSS MATRÍCULA 5558MYD	00764/2025	2025-12-05 09:18:00
2025/ G003/000837	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 10. ÁREA DE GASTO 2.-	00765/2025	2025-12-05 11:04:00
2025/ G003/000814	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/21.-	00766/2025	2025-12-05 11:08:00
2025/ G003/000834	DECRETO DE ADXUDICACIÓN CONTROIS DE CALIDADE	00767/2025	2025-12-05 15:00:00
2025/ G003/000842	RECURSO DE REPOSICIÓN TAXA RECOLLIDA DE LIXO. TARIFA LOCAL	00768/2025	2025-12-05 15:02:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	COMERCIAL. MCPV		
2025/ G003/000841	BAIXA NO PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO.	00769/2025	2025-12-05 15:02:00
2025/ G003/000840	RECURSO DE REPOSICIÓN TAXA RECOLLIDA DE LIXO. TARIFA LOCAL COMERCIAL. AMFM	00770/2025	2025-12-05 15:02:00
2025/ G003/000839	ESTIMACIÓN RECURSO REPOSICIÓN TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO. VFC	00771/2025	2025-12-05 15:02:00
2025/ G003/000838	ESTIMACIÓN PARCIAL RECURSO DE REPOSICIÓN TAXA RECOLLIDA DO LIXO. OCAP	00772/2025	2025-12-05 15:02:00
2025/ G003/000836	BAIXA NO PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO	00773/2025	2025-12-05 15:02:00
2025/ G003/000852	CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)	00774/2025	2025-12-05 15:22:00
2025/ G003/000851	CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)	00775/2025	2025-12-05 15:22:00
2025/ G003/000850	CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)	00776/2025	2025-12-05 15:22:00
2025/ G003/000854	LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDAS/OS , EXCLUÍDAS/OS E LISTA DE ESPERA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL . CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVEMBRO 2025. CURSO 2025-2026	00777/2025	2025-12-10 11:44:00
2025/ G003/000844	DECRETO ACCESO Á SOLICITUDE DE COPIA DA LICENZA DE ACTIVIDADE DA EMPRESA MADERAS MENDAÑA SA	00778/2025	2025-12-10 11:44:00
2025/ G003/000853	TESOURARÍA: SOLICITA LA ANULACIÓN DE LOS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DOS ANOS 2021, 2022 E 2023 DA	00779/2025	2025-12-10 11:44:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	VIVENDA SITA EN A MEDIÑA POR ESTAR DECLARADA EN RUÍNA		
2025/ G003/000789	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA.	00780/2025	2025-12-10 10:24:00
2025/ G003/000845	SOLICITUDE DE ANTICIPO DE 3 MESES A DEVOLVER EN 36 MENSUALIDADES DO TRABALLADOR JMVV.	00781/2025	2025-12-10 10:24:00
2025/ G003/000843	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 32*****0C	00782/2025	2025-12-10 10:24:00
2025/ G003/000678	LIQUIDACIÓN POR ATRAQUE EN PUNTA TIPO: AUTORIZACIÓN EMBARCACIÓN: EMBARCACIÓN PROTECCIÓN CIVIL LIQUIDACIÓN POR RECEPCIÓN DE RESIDUOS MARPOL	00783/2025	2025-12-10 13:08:00
2025/ G003/000860	SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 11 DE DECEMBRO DE 2025	00784/2025	2025-12-10 13:08:00
2025/ G003/000848	CONTRATACIÓN DE UN TRABALLADOR COA CATEGORÍA DE PEÓN, SEGUNDO SUBVENCIÓN (GARANTÍA XUVENIL).	00785/2025	2025-12-10 13:09:00
2025/ G003/000849	PADRÓN PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN MADRUGADORES CURSO 2025/2026 MES DE NOVEMBRO	00786/2025	2025-12-10 12:50:00
2025/ G003/000855	APROBACIÓN PLANS CENTROÑA	00787/2025	2025-12-10 13:44:00
2025/ G003/000861	TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓN DE RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO ANO 2023 POR VENDA DE PROPIEDADE	00788/2025	2025-12-10 13:43:00
2025/ G003/000859	TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓNS DE LIQUIDACIÓNS DE RECOLLIDA DE LIXO POR NON CORRESPONDER A REFERENCIA CATASTRAL 7265410NJ6076N1XJ CON ALGUNHA DAS SÚAS PROPIEDADES	00789/2025	2025-12-10 13:42:00
2025/ G003/000863	DELEGACIÓN DE FUNCIONS PARA CELEBRACIÓN DE CASAMENTO CIVIL O DÍA 14/12/2025 AS 12 NA CASA DA CULTURA	00790/2025	2025-12-10 13:42:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/ G003/000771	NOMEAMENTO ALGUACIL-CONSERXE/PORTEIRO/A, FUNCIONARIO INTERINO NA ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.	00791/2025	2025-12-10 13:44:00
2025/ G003/000830	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/22. ELÉCTRICAS E COMPENSACIÓN ABONOS.-	00792/2025	2025-12-11 09:18:00
2025/ G003/000867	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -MELLORA ACCESO A LEIRAS EN O CASTRO-. AGADER/2025	00793/2025	2025-12-11 09:28:00
2025/ G003/000868	APROBACIÓN PLANS A REGUEIRA	00794/2025	2025-12-11 11:19:00
2025/ G003/000858	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AGADER 2025-26	00795/2025	2025-12-11 13:37:00
2025/ G003/000866	DECRETO APROBACIÓN PLANS PEDRIDAS	00796/2025	2025-12-12 09:53:00
2025/ G003/000847	ESTUDIO DE DETALLE	00797/2025	2025-12-12 09:28:00
2025/ G003/000872	ADMINISTRATIVO/A 2 POSTOS FUNCIONARIO/A, OFERTA EMPREGO 2023 E 2025	00798/2025	2025-12-12 14:04:00
2025/ G003/000871	TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓN LIQUIDACIÓNS TAXA LIXO BAIXO EN OLMO	00799/2025	2025-12-12 14:04:00
2025/ G003/000874	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 32*****N	00800/2025	2025-12-15 09:54:00
2025/ G003/000857	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/23.-	00801/2025	2025-12-15 09:54:00
2025/ G003/000864	CONTRATO DE SERVIZOS ÁREAS AXARDINADAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME	00802/2025	2025-12-15 09:54:00
2025/ G003/000879	SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2025	00803/2025	2025-12-15 13:53:00
2025/ G003/000880	SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS DE	00804/2025	2025-12-15 13:54:00





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	PLENO DE DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2025		
2025/ G003/000878	TESOURARÍA: SOLICITA SE CORRIXA A LIQUIDACIÓN DO PISO 1º E SE NOTIFIQUE O DO 2º AMBOS COMO VIVENDA DO INMOBLE DA RUA REAL 31	00805/2025	2025-12-15 15:13:00
2025/ G003/000875	PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DE RECARGO POR PRESENTACIÓN FÓRA DE PRAZO DE AUTOLIQUIDACIÓN	00806/2025	2025-12-15 15:14:00
2025/ G003/000886	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 31, XERACIÓN DE CRÉDITO 17; DIXITALIZACIÓN REDE ABASTECIMENTO.-	00807/2025	2025-12-17 10:14:00
2025/ G003/000873	DECRETO APROBACIÓN EXPEDIENTE SUBMINISTRO ELÉCTRICO	00808/2025	2025-12-16 15:14:00
2025/ G003/000869	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA PAGO AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR .	00809/2025	2025-12-17 15:20:00
2025/ G003/000893	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 32, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 11. VARIAS ÁREAS DE GASTO.-	00810/2025	2025-12-17 15:19:00
2025/ G003/000876	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS- APROBACIÓN PAGAMENTO SEGUROS SOCIAIS NOVEMBRO 2025.	00811/2025	2025-12-17 15:41:00
2025/ G003/000884	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS ENERXÍA ELÉCTRICA F/2025/24.-	00812/2025	2025-12-17 17:04:00
2025/ G003/000885	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/25	00813/2025	2025-12-17 17:21:00"

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

7. ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O grupo municipal do PP, pregunta "in voice" ao sr. Presidente, se hai algunha novidade sobre a situación das obras da ponte.

Responde o sr. Presidente que o último que saben é que estaba o ministerio e a empresa negociando a solución técnica máis axeitada para para a pivotaxe dos piares, logo dos resultados obtidos nas catas realizadas

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, desexando un bo nadal a todos os presentes, sendo as trece horas e tres minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 29.01.2026 segundo o borrador asinado o día 20.01.2026. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

